



ACTA nº 1 DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO

En Carballo, a 29 de xuño de 2020.

Reunidos na sede do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar os méritos achegados polos aspirantes no procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro-condutor para atender necesidades temporais e interinidades no Consorcio cuxas bases reguladoras da convocatoria foron aprobadas mediante Decreto da Presidencia núm. 143/2019 de data 02.12.2019, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 233 de data 09.12.2019. (Corrección de erros Decreto da Presidencia núm. 147/2019 de data 12.12.2019 (Boletín Oficial da Provincia núm. 238 de data 16.12.2019), Decreto da Presidencia núm. 03/2020 de data 09.01.2020 (Boletín Oficial da Provincia núm. 6 de data 10.01.2020) e Decreto da Presidencia núm. 143/2020 (Boletín Oficial da Provincia núm. 6 de data 10.01.2020), e que son os seguintes:

Presidente:

- Don José Luis Barca Añón, xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, que pon de manifesto neste acto, que debe de absterse de formar parte do tribunal por parentesco cun dos aspirantes, polo que pasa a presidir o nomeado como suplente, Don Mauricio Calvo Vidal, suboficial coordinador do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Vogais:

- Dona Isabel Brión Queiruga, administrativa-contable do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña.
- Don Manuel Rodríguez Lendoiro, cabo do servizo de prevención e extinción de incendios do Concello da Coruña.
- Don Francisco Javier Casal Carbajales, cabo do servizo de prevención e extinción de incendios do Concello da Coruña.
- Don Fernando Luis Daviña Astray, bombeiro do servizo de prevención e extinción de incendios do Concello da Coruña.

Secretaria:

- María Graciela Riveiro Moreira, secretaria interventora do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña.

Constituído o Tribunal cualificador, ao existir o quórum mínimo e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria da citada praza, á vista dos documentos presentados acreditativos dos méritos e a experiencia, procédese a baremar os mesmos de acordo coas bases. Realízase a valoración dos primeiros 40 aspirantes da lista definitiva de admitidos.

Polo tribunal establécense os seguintes criterios interpretativos ao abeiro da base 13 das que rexen o procedemento:

- Para a valoración dos méritos por experiencia profesional, o criterio para a determinación e cuantificación dos meses foi sumar todos os días prestados dentro do mesmo apartado, realizando un cálculo proporcional respecto das puntuacións establecidas para o período de un mes.
- Nos apartados onde se requiría certificado de prestación de servizos, o tribunal acorda aceptar como debidamente acreditada a experiencia coa presentación de contrato de traballo, certificado de empresa ou calquera outro documento expedido pola empresa que permita acreditar o posto de traballo desempeñado ao igual que no apartado 2 da experiencia profesional; e sempre acompañado de informe de vida laboral.
- A data límite de cómputo da experiencia profesional determínase a partir do 04.06.2010 (dez anos anteriores á data de finalización do último prazo de presentación de instancias).

O presidente dá por terminada a reunión ás 15:00 horas, citándose para o vindeiro día 01.07.2020 ás 08:30 horas ao obxecto de continuar como proceso de valoración da fase de concurso.